

Biofarma+Esteve: á busca de fármacos contra a dor crónica

Noticias relacionadas

- Gradiant+Everis: as TIC ao servizo do sistema sanitario
- Itmati+Repsol: a batería do coche eléctrico mellorada
- Jealsa+Anfac: conserveiras sostibles e mexillón premium
- Unidades mixtas: a unión fai máis I+D+i

05.04.2015

A-

A+

O grupo Biofarma da Universidade de Santiago (USC) e Laboratorios Esteve colaboran dende hai unha década. En 2011 crearon unha primeira unidade mixta que agora vén de reforzar a súa unión co novo programa da Xunta, converténdose así na primeira iniciativa de codesenvolvemento de fármacos entre o ámbito público e privado en España, salienta a súa responsable, a catedrática da USC e coordinadora de Biofarma, Mabel Loza.

A nova unidade mixta, que garante a propiedade intelectual compartida entre os socios, céntrase na procura de novos medicamentos contra a dor crónica. Porque malia que a dor é o motivo de consulta médica máis común, séguense a empregar fármacos para atallalo deseñados hai xa moito tempo e cunha "importante limitación en eficacia e seguridade", indica o director de descuberta de fármacos de Esteve, José Miguel Vela.